



7D: 1369.

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN


Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

A C O R D O:

Na cidade de Ourense, a catro de outubro de mil novecientos noventa e cinco.

ANTECEDENTES DE FEITO



I.- En data 30 de marzo de 1990 D. Manuel Nieves García, veciño de Xurenzás, presentou escrito solicitando a clasificación do monte "Costa de Xurenzàs", como veciñal en man común, pertencente ós veciños dos pobos de Xurenzás e Destro de Xurenzás, parroquia de San Pedro de Xurenzás, no Concello de Boborás.- Con posterioridade en data 22 de agosto de 1990, adhérense á anterior solicitude catro veciños máis de Xurenzás.

II.- Na sesión do 22 de febreiro de 1994 o Xurado procede ó estudio dos documentos aportados e tras unha detallada exposición do sr. secretario, nos termos que constan na Acta de tal sesión, e oído-los veciños de Xurenzás, D. Manuel Nieves García e D. José Manuel Alonso Villar, incorporados á reunión



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

acórdase, por unanimidade, iniciar o expediente de clasificación, designándose instructores, coa súa aceptación, a D. Manuel Bouzas Costa e D. José Manuel Baltar Blanco.

III.- Solicítanse antecedentes do Xefe do Servicio de Extensión Agraria de Carballiño, do Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, do Presidente da Cámara Agraria Local de Boborás, do Alcalde-Presidente do Concello de Boborás, do Xefe do Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural e do Ilmo. Sr. Presidente da Deputación provincial. Dase publicidade á iniciación do expediente mediante Edicto, inserto no D.O.G. de 9-6-94, nº 110 (páx. 3.872) e publicado no Taboleiro de Edictos do Concello de Boborás, constando a súa exposición, por dilixencia do Sr. Secretario, durante o prazo dun mes. Consta asimismo no expediente certificación do Rexistro da Propiedade de Carballiño, acreditativo de que a finca (monte) tal e como se describe non figura inscrita a favor de persoa algunha; solicítase anotación preventiva facendo constar a existencia do expediente e a práctica ó folio 225, Libro 74 de Boborás, Tomo 438, anotación A), finca nº 11.229 (fecha 6.6.94).

IV.- O monte obxecto do expediente descríbese do seguinte teor:



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

Concello: Boborás.

Denominación: Costa de Xurenzás.

COMUNIDADE: veciños pobos de Xurenzás e Destro de Xurenzás,
parroquia de San Pedro de Xurenzás.

Superficie: 31 Has. aproximadamente.

Lindeiros:

Norde: Termo do Concello de Irixo, e monte comunal
de Souteliño, de dito Concello.

Sur: vía do ferrocarril e montes de Chavín, de pro-
piedade privada, e Montes de "Lama do Can" e
Senra, e estrada de Corneda, do Concello de Irixo.

Leste: termo do Concello de Irixo e monte comunal de
Souteliño de dito Concello; e

Oeste: monte comunal do pobo de Prado do Concello de Bo-
borás e "Penaboi", e máis terreos do pobo de Prado



V.- Constan no expediente:

a).- Informe do Servicio de Montes e Industrias
Forestais da Delegación da Consellería de Agricultura, Gandería
e Montes, de 1-4-94, que refire que o monte non está incluído no
Catálogo de Montes de U.P. da provincia nin linda con ningún
monte de utilidade pública nin afectado por consorcios ou
convenios coa Administración.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

b).- Escrito de D. Manuel Crespo Fernández, D. José parabela Pradela e outros veciños de Xurenzás, de data 13-7-94, opoñéndose á clasificación solicitada alegando en esencia que o monte "Costa de Xurenzás" é un conxunto de propiedades privadas, debidamente amolloadas e identificadas como de propiedade particular e sempre tidas e respetadas como tales dende tempo inmemorial e que "con toda seguridade parte das parcelas que compoñen os términos de "Costa de Xurenzás", teñen orixen foral e foron redimidas en tempo inmemorial polos foratarios, antepasados dos actuais donos e posuidor que contan, en todo caso coa prescripción adquisitiva extraordinaria.... "

c).- Informe do Alcalde Presidente do Concello de Boborás que descarta que "Costa de Xurenzás" "fora comunal, ó non reunir nin haber reunido as características legais do Monte comunal, pese a que se lle conozca con esta denominación" e engade que debe terse en conta o dereito posesorio dos actuais propietarios de fincas "de acordo ó que figura nos respectivos catastros".

VI.- Observáronse ás prescripcións legais e regulamentarias previstas na Lei Galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento de 4 de setembro de





CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

1992, así como o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A cuestión céntrase en determinar si o aproveitamento do Monte "Costa de Xurenzás" lévase a efecto polos veciños en réximen de comunidade en mano común, ou por cada un deles, mediante división do cultivo en parcelas, en posesión exclusiva e excluente.

No exame do expediente permite observar que na súa orixe, o monte citado pertenceu ó común de veciños de Xurenzás (referencia ó Interrogatorio do Catastro de Ensenada); orixe que non discuten os veciños opoñentes, que admiten, a orixe foral de parte do monte e invocan a favor da súa pretensión contraria á clasificación a redención polos foratarios e a prescripción adquisitiva extraordinaria; e ata o informe do Alcalde Presidente do Concello recoñece ta orixe, xa que tras descarta-l o carácter comunal do monte engade, en expresiva frase "pese á que se lle recoñeza con esta denominación" o que delata o carácter comunal inicial.





CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrecán
OURENSE

A invocación dos veciños opoñentes, á prescripción adquisitiva extraordinaria (que se refire á cuestión de propiedade e por elo non compete o seu exame ó Xurado) mostra, sen embargo, que preténdese transformar unha convencional división de parcelas para o seu millor cultivo nunha división dunha copropiedade que pola súa propia natureza é indivisible; e aínda consolidar tal situación, coa súa inclusión no Catastro, a partir do ano 1956.

En calquera caso, a pretendida transformación e consolidación iníciase con anterioridade a vixencia da lei 52/68, do 27 de xullo, que recoñece a figura do monte veciñal en man común. Dita Lei, no seu Preámbulo, sinala que "a situación legal na que se encontran os montes de distintos núcleos veciñais ... veñen transcurrido por vías de anormalidade, circunstancia que favorecía situacións convencionais e dende logo, anormais, como contemplada no presente caso segundo o exposto.



A este efecto o art. 27 do Regulamento de Montes Veciñais en Man común, de 4 de setembro de 1992, sinala que non será obstáculo á clasificación dun monte como veciñal o encontrarse incluído nalgún Catálogo, inventario ou rexistro público con asignación de diferente titularidade.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrochán
OURENSE

E, en todo caso, o preámbulo do propio Regulamento recoñece que a intervención administrativa nos montes queda limitada á función de clasificalos como veciñais e tutelar e velar pola súa conservación e integridade. De xeito que o exposto conduce a entender que o monte "Costa de Xurenzás", inicialmente comunal, permanece coa mesmo carácter, e como tal declarárase, sen prexuízo de toda cuestión de propiedade que compete á xurisdicción ordinaria.



Segundo. - O Xurado Provincial de montes veciñais en man é competente para coñecer los expedientes de clasificación de montes que teñen tal carácter (Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento de 4 de setembro de 1992).

Por elo, o Xurado Provincial de Montes veciñais en man común, por unanimidade

A C O R D A :

PRIMEIRO .- **C L A S I F I C A** -lo monte denominado "COSTA DE XURENZAS", (QUE ABARCA ÓS CHAMADOS "CAMPO DA VACA", "ALÉN", "CASTRO", "MINANOVA", "FONTE DE MOLDES", e "VAL DE PRADO"), no Concello de Boborás (Ourense), de trinta e unha hectáreas de superficie aproximadamente, a favor dos - -



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrochán
OURENSE

veciños dos pobos de Xurenzás e Destro de Xurenzás, parroquia de San Pedro de Xurenzás, e cos lindeiros descritos no apartado IV dos antecedentes de feito, como veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

SEGUNDO.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou Rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor da persoa ou entidade distinta do á que agora se asigna a súa pertenza.



Contra esta resolución que esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, previa a comunicación á que se refire o artigo 110.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de DOUS MESES perante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución no Diario Oficial de Galicia.

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]


[Handwritten initials]

[Handwritten signature]


TCC
BOBORAS

Término de
IRIJO

36
7
7



DILIGENCIA: Para fa
est: f: 10
Durandé



4112
BOBORAS

4114

411c



4117
4118
4119
4120
4121
4122
4123
4124
4125
4126
4127
4128
4129
4130
4131
4132
4133
4134
4135
4136
4137
4138
4139
4140
4141
4142
4143
4144
4145
4146
4147
4148
4149
4150
4151
4152
4153
4154
4155
4156
4157
4158
4159
4160
4161
4162
4163
4164
4165
4166
4167
4168
4169
4170
4171
4172
4173
4174
4175
4176
4177
4178
4179
4180
4181
4182
4183
4184
4185
4186
4187
4188
4189
4190
4191
4192
4193
4194
4195
4196
4197
4198
4199
4200




- T... de IRIJO -

ALIXENCIA: Para facer constar que compulsada
esta fotocopia do título rexistrado no nº 1141
12 JUN 1996 de.....
Secretario do Xurado,



[Handwritten signature]



410

2226
2227
2228
2229
2230
2231
2232

2308

2316
2317

2307
2306

2318
2319

2320

2321

2305

2305

42A

DILIXENCIA: Para hacer constar que con esta foto se hizo el registro
Cursado el 12 JUN. 1996
del Sr. Secretario de Jurado.



40d
←

D-4

182

40



DULKENDAN, Pater, 1st Div. const. of 1st ...
12 JUN 1952

QC
13

112


114



181
D-6

1299
C

1320

9-7





LENDA DESLINDE

▣ PUNTOS LEVANTAMENTO

LENDA	MONTE	PROPIEDAD
▭	COSTA DE VENTOSA	VECINOS DE LUGAR DE VENTOSA
▭	COSTA DE XURENZAS E OUTROS	C.M.V.M.C. DE COSTA DE XURENZAS E DESTRO DE XURENZAS
▭	PENABOI DE PRADO	PENABOI DE PRADO

ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DO DESLINDE DE TRES MONTES SITUADOS NA PARROQUIA DE XURENZAS, CONCELLO DE BOBORÁS, PROVINCIA DE OURENSE.

PLANO DE DESLINDE		NUMERO
TÍTULO PLANO	PLANO DE DESLINDE	1 DE 1
AUTOR	O Enxefeiro Técnico Forestal	ESCALA
	Manuel Valcárcel Vila	1:5.000
		DATA
		AGOSTO 2.007

10.3854
20.3856
20.1954

